



FICHA RESUME

PE 403A 2008/36-5

Ano	2009
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R. decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), reloxo (<i>D.exoleta</i>) e caramuxo (<i>L.littorea</i>).
Ambito do plan	Zonas de autorización: de Sapeiras de Terra ata Punta Quilme.
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación	
Número de permex/persoas autorizadas	
	Mariscadoras/es a pé
	329
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾	NON
	Mariscadoras/es a pé

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	140										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, cunha veda de alomenos un mes na zona sur-leste da illa (Camaxe, Camaxiñas, Concerrado e Xastelas) entre abril e xuño.											
Modalidade⁽³⁾ : a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	A pé - O BAO (mariscadora/día)	A pé - RESTO DAS PRAIAS (mariscadora/día)
Ameixa fina	4 kg	2 kg
Ameixa babosa	6 kg	2 kg
Ameixa bicuda	2 kg	2 kg
Ameixa xaponesa	4 kg	4 kg
Berberecho	8 kg	8 kg
Reloxo	5 kg	5 kg
Caramuxo	5 kg	5 kg

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo

Artes a empregar	Sacho e rastrillo, segundo o Decreto 424/1993.
Puntos de control	O Bao, Concerrado, Camaxe, Xastelas, As Aceñas e lonxa da Illa de Arousa.
Puntos de venda	Lonxa da Illa de Arousa, a través da O.P.P. 20



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas						X						
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas: O Carreirón												
Especies: distintas especies de ameixa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados				X	X	X	X	X	X			
Zonas: Aguilóns e Tarais												
Especies: todas as especies												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Aguilóns e Tarais												
Especies: todas as especies												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas: ámbito do plan												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

A navalla, longueirón e longueirón vello están excluídos do plan de explotación por tratarse de recursos que requiren para a súa explotación dun plan para recursos específicos.

En relación co **calendario**, o número máximo de días autorizados redúcese a 140, para axustalos á realidade de anos anteriores e deberá levarse a cabo una veda dun mínimo dun mes na zona sureste da Illa (Camaxe, Camaxiñas, Concerrado e Xastellas) entre abril e xuño. Este descanso produciría un efecto beneficioso nas poboacións explotadas, xa que nesa época teñen lugar os picos máximos de emisión de gametos de moitos bivalvos.

Os controis de tallas efectuados amosan que no se prevé un incremento dos actuais niveis produtivos, polo que non se poden aumentar os topes de captura con respecto aos autorizados para o ano 2008. Hai unha estabilidade nas densidades de todas as especies en todas as zonas nos últimos 4 anos.

A valoración da rexeneración de a zona de Os Espiños das Aceñas require da definición das actuacións, metodoloxía e calendario.

A forquilla non é un arte autorizada para o marisqueo a pé segundo o artigo 118 do Decreto 424/1993 que aproba o regulamento da actividade pesqueira e as artes e aparellos permisibles en Galicia. **Para a autorización da forquilla será necesario a aprobación dun plan experimental para o ano 2009.** No plan de explotación de marisqueo a pé para o ano 2009 non indicaron que existira incompatibilidade entre o emprego da forquilla e das artes propias do marisqueo tradicional. O emprego da forquilla, aprobado o plan experimental, só se podería



realizar na área que se delimitaron as zonas de a pé e a flote (cara leste da Illa, entre Punta Aguiuncho e Punta Chastelas, incluíndo a zona de O Bao).

Cando se pretenda realizar a inmersión de semente de moluscos bivalvos deberán solicitar á Delegación Territorial o correspondente permiso de inmersión

A persoa sancionada seguindo o procedemento contemplado no plan poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Para a revalidación dos permisos de explotación para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos. O certificado no que se acredite a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras detallará os días a efectos da revalidación do permiso de explotación, e virá asinado pola persoa responsable da organización dos traballos e o representante legal da confraría

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Recomendacións, de acordo cos informes técnicos para a mellora do plan:

- a) Presentación do informe das mostraxes de outono no plan de explotación.
- b) Aprobación do plan en asemblea xeral de mariscadoras.
- c) Organización dos puntos de control de xeito que recollan a mercadoría de todas as mariscadoras, levándose directamente á lonxa.
- d) A realización habitual de traslados e sementeiras e o estricto control das tallas contribuirían á mellora productiva e económica do colectivo.
- e) Presentación do plan financeiro.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración